



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Ti Foches costureira?

Sí... Non había talleres como hai aghora, andábase polas casas (...) E cantabamos así, e eu iba á feira, iba así á feira e vía unha moda nun vestido, unha moda que se levase daquela. Víaa e fijábame nela que no é como agora a moda da roupa, antes eran todo chambras e saias, blusas e saias, non había batas tanto abaixo coma aghora, que non hai mellor cousa que esas cousas, que as abatas. E vía unha moda na feira, fíjate, e se cadra tardaba un mes en facela. Pois tan ghravada me quedaba cando tiña que facer unha, tíña na imaxinación e facíaa. Que che parece? Facía aquela... tiña moitísima memoria.